



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL ARZÚA

OEP 2026

Anuncio da oferta de emprego público para o ano 2026//Expediente: 2026/E003/000001.

Por Decreto da Alcaldía nº 45/2026 de data 26 de xaneiro de 2026 aproboouse a oferta de emprego público para o ano 2026, coa especificación das prazas que se indican a seguir, xunto coa súa denominación e clasificación:

PERSOAL FUNCIONARIO

Prazas	Código/Denominación do posto	Grupo/Subgrupo	Escala/Subescala	Forma de Acceso
1	4001/ Axente de Policía Local	C/C-1	Administración especial/ Servizos Especiais.	Libre

PERSOAL LABORAL FIXO DISCONTÍNUO (1 DE SETEMBRO A 30 DE XUÑO), A XORNADA PARCIAL DE 18 HORAS/SEMANA.

Prazas	Código/Denominación do Posto/Modalidade	Grupo	Tipo de Contrato	Xornada	Forma de Acceso
1	7012/Profesor Conservatorio/Profesor Percusión.	I	Fixo discontinuo (1 de setembro a 30 de xuño)	Parcial (18 horas/semana)	Libre

O anterior publícase en cumprimento do ordenado no acordo de aprobación desta oferta.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, consonte ao disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interporse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes, segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, e entenderase desestimado polo transcurso do dito prazo sen resolución expresa notificada, poderán entón as persoas interesadas interpor recurso contencioso-administrativo, consonte o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpor calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren procedente conforme a Dereito.

Arzúa, a 26 de xaneiro de 2026.

Alcalde-Presidente

Xoán Xesús Carril Ramos.

2026/444